



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: REVOGACIÓN DAS DELEGACIÓNS OUTORGADAS A FAUSTINO SANTIAGO LEMA

D. XOSE LOIS GARCÍA CARBALLIDO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTECESO (A CORUÑA)

Despois do acontecido nos últimos meses no grupo de goberno municipal, e ante a evidente perda de confianza en parte dos concelleiros do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, que levou á reestruturación do goberno municipal co cesamento de membros da Xunta de Goberno Local e Tenentes Alcalde nomeados por esta alcaldía, en especial do señor concelleiro D. Faustino Santiago Lema.

Despois das manifestacións públicas dalgúns concelleiros, que se atreven a pedir a dimisión do Alcalde.

Despois de comprobar que actúan con grave menosprezo da confianza que foi depositada neles na delegación de importantes competencias e asignación de recursos do Concello, todo elo para a defensa do interese xeral, interese que non guía en absoluto o seu proceder.

Despois de ver a actitude destes concelleiros nos Plenos celebrados os día 18 de marzo, 27 de xullo e 28 de setembro, cando romperon a disciplina de voto do grupo de goberno e obrigaron a retirar asuntos do orde do día, ao igual que en Comisións Informativas celebradas con anterioridade, este grupo difundiu na prensa comentarios e afirmacións en contra desta alcaldía, creando unha situación insostible, poñendo en risco a estabilidade e a credibilidade do goberno municipal, motivos considerados máis que suficientes para adoptar decisións de cesamento.

Todo isto é máis grave se atendemos ao difícil contexto sanitario e económico que nos afecta, para o cal un goberno cohesionado e coordinado é máis importante ca nunca. Tendo en conta a Resolución núm. 362/2020, do 23-06-2020, na que se establecen delegacións de atribucións ao Concelleiro Faustino Santiago Lema, derogación da resolución 308/2020 e manter o contido orixinal da resolución 355/2019, do 19 de xuño, na que se establecía a delegación de atribucións ao Concelleiro Faustino Santiago Lema.

Tendo en conta que as delegacións baseáronse nunha relación de confianza mutua e esta alcaldía perdeu de forma absoluta a confianza nun dos seus membros e dacordo co artigo 114.3 do ROF así como 116 do RD 2568/1986.

En cumprimento do establecido nos artigos 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, 43.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e no uso das atribucións que me outorga lexislación vixente

RESOLVO

Primeiro.- Revogar as resolucións núms. 355/2019, do 19-06-2020, e 362/2020, do 23-06-2020, polas que se nomea ao señor concelleiro D. FAUSTINO SANTIAGO LEMA como Delegado da Área de Mobilidade, Seguridade, Emerxencias e Mar, e revogar a facultade de dirixir e xestionar os seguintes asuntos incluídos na Área:

- ▣ Mobilidade: tránsito, transporte e sinalización viaria.
- ▣ Policía Local, incluída a súa xefatura.
- ▣ Protección Civil
- ▣ Grupo de Emerxencias Supra-municipal (GES).
- ▣ Mar

Segundo.- Asumir directamente as competencias e facultades da Área de Mobilidade, Seguridade, Emerxencias e Mar.

Terceiro.- Notificar resolución ao interesado, publicar a presente resolución no BOP e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre.

Ante min, a secretaria, para os efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018".

Documento asinado dixitalmente ao marxe

O Alcalde- Presidente,

Xose Lois García Carballido.

A Secretaria,

Antía Pena Dorado